

**ACORDO DE COLABORACIÓN PARA A REALIZACIÓN DUN CONCERTO
NA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA TITULADO “OS CAMIÑOS DE
CASTELAO”**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Directora Xerente da Fundación Cidade da Cultura de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia formalizou o 02 de xaneiro de 2019 co **Consorcio da Cidade de Santiago** o instrumento convencional arriba referido por unha duración prevista entre o 02 de xaneiro de 2019 e o 17 de xaneiro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto do presente acordo consiste na realización dun concerto pola REAL FILHARMONÍA DE GALICIA titulado “Os camiños de Castelao” o día 17 de xaneiro de 2019 no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que o CONSORCIO DA CIDADE DE SANTIAGO ten como fins esenciais, entre outros, os de servir de apoio administrativo e de xestión ao Real Padroado da Cidade de Santiago de Compostela para o mellor cumprimento por este dos seus fins propios, así como asegurar o mantemento e a adecuada xestión das instalacións, equipamentos e servizos dotados como consecuencia de actuacións acordadas polo mesmo Real Padroado.



O CONSORCIO representa á orquestra REAL FILHARMONÍA DE GALICIA, unha agrupación formada por 50 músicos e considerada como un dos proxectos musicais referentes da comunidade galega.

Pola súa parte, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia é una entidade sen ánimo de lucro, que ten por obxecto a “creación, explotación e promoción de areas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural”.

Para a consecución dos fins mencionados no parágrafo anterior, a CIDADE DA CULTURA pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que sirva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.[...]
- d) Cantas dinamicen o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da nosa cultura, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou a cultura de base. [...]
- e) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada. [...]

Visto o anterior, O CONSORCIO e a CIDADE DA CULTURA consideran oportuno, en cumprimento dos seus obxectivos, formalizar un acordo de colaboración para a realización dun concerto titulado “Os camiños de Castela” o día 17 de xaneiro de 2019 no Museo Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

Ana Isabel Vázquez Reboredo

Directora Xerente

Fundación Cidade da Cultura de Galicia

